

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31 DE OUTUBRO DE 2005

### **1.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á participación no Plan de grandes cidades 2005 da Deputación Provincial da Coruña.**

Apróbanse os seguintes proxectos e a súa inclusión no devandito plan:

- Reposición do pavimento e nova rede de saneamento na rúa de Teo.....309.465,40 euros.
- Substitución escaleira mecánica Estación de Autobuses.....153.109,92 euros.
- Abastecemento ao lugar de A Grixoa.....205.871,44 euros.
- Saneamento de augas residuais en Son de Abaixo.....60.094,32 euros.
- Saneamento e bombeo de augas fecais na rúa Santa Teresa de Jornet.....60.088,71 euros.

### **2.- Proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interior relativa á aprobación do prego de cláusulas e o inicio da contratación do servizo de mantemento, reparación e conservación das instalacións de calefacción dependentes do Concello.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 19.000 euros.